

FRECHAZO Isabel Custodio relata o seu romance co comandante nun libro

Amada por Fidel, odiada polo 'Che'

Filla de refuxiados españois considera que Castro era o líder indiscutibel e o seu irmán o diplomático

Patricia Vázquez · México

Isabel Custodio, filla de refuxiados españois en México, foi amada por Fidel Castro, con quen mantivo un intenso romance, e odiada por Ernesto Che Guevara, que a consideraba unha burguesa e un perigo para a Revolución cubana, confesou a autora do libro *El amor me absolverá*.

A escritora coñeceu a Fidel Castro durante o seu exilio en México, antes de que o actual presidente cubano regresase ao seu país no barco *Granma* para derrocar a Fulgencio Batista (1933-1959) xunto ao seu irmán Raúl e ao Che. Isabel Custodio coñeceu a todos e moitas das rivoltas do Movemento 26 de Xullo, que preparaba desde México a caída de Batista, grazas á súa relación con Castro, con quen estivo a un paso de contraer matrimonio.

"Foi un frechazo", recoñeceu a autora do libro, recentemente publicado pola editorial Praza e Janés, que narra a relación entre esta nova


estudante de Filosofía, feminista e de esquerdas, co futuro líder cubano durante os meses previos ao comezo da Revolución cubana.

Tras coñecerse durante unha visita de Isabel Custodio ao cárcere mexicano onde permanecía o grupo de cubanos exiliados polo asalto ao cuartel de Moncada, a parella iniciou un intenso romance que concluíu cando a moza cancelou a voda civil, pouco días antes do regreso de Castro a Cuba.

"Ademais do romanticismo que espertaba a súa causa, tiña un encanto persoal indubidable, que aínda non perdeu", explicou Custodio, quen relatou como en cinco horas de conversación a soas co seu pai, refuxiado español, a moza cubana logrou convencelo da conveniencia do noivado. Segundo a súa ex noiva, "Fidel era o líder indiscutible do movemento, o Che era o ideólogo e Raúl Castro era o diplomático, o conciliador".

"O 'Che' e eu non nos tiñamos simpatía e eles discutían a miúdo por min", dixo a agora escritora, quen asegurou que o guerrilleiro arxentino lle pediu en infinidad de ocasións que puxese fin á relación, posto que un líder desa responsabilidade non podía levar semellante carga.

Para a autora, "os integrantes do



Isabel Custodio, filla de refuxiados, é a autora de 'El amor me absolverá' sobre a súa relación con Castro

DATOS

O arxentino, "un pedante e un ególatra"

A autora de *El amor me absolverá*, título que parafrasea o texto de Fidel Castro *La Historia me absolverá*, ratificou a súa antipatía cara ao 'Che' ao asegurar que era "un pedante e un ególatra que sempre falaba en primeira persoa". A diferenza de Castro e doutros moitos cubanos, o 'Che' nunca tivo contacto cos refuxiados españois, dixo a escritora.

Para Custodio, o feito de que Castro e ela fosen exiliados uniu-nos moito, xa que inconscientemente naceu unha identificación común.

Tamén se reserva as súas opinións sobre a situación actual que está a vivir a illa, así como outros detalles sobre a súa relación con Castro tras a súa marcha a Cuba en 1956.

movemento, incluído o Che e Raúl Castro, pensaban que eu era unha burguesa que podía poñer en perigo o bo fin da Revolución". "Tiñan razón en que eu, como se demostrou, era un branco moi apetecible (para as forzas de Batista), que me tiñan na mira. Por iso non me daban toda a información e protexíanme a min e ao movemento", engadiu. De feito, a autora foi secuestrada por un comando de Batista, que a drogou e a someteu a interrogatorios ata que foi liberada nunha espectacular operación dirixida polo propio Castro. ●

INTERNET ■ Un estudo de 'RedeGalega.org' revela que tres de cada catro incumpren a lei que obriga a estar adaptados para persoas con discapacidade

Moitas das webs dos concellos galegos incumpren algunha lei


Máis do 90% dos concellos galegos incumpren en internet a Lei de protección de datos, segundo o Informe Técnico sobre a presenza dos concellos galegos en internet, realizado pola auditoría técnica que 'RedeGalega.org' fixo durante o mes pasado.

Deste estudo tamén se desprende que o 45% dos concellos non dispoñen de web oficial, case un terzo deles non é o propietario legal da súa propia web, e 3 de cada 4 incumpren a lei que obriga a estar adaptados para persoas con

discapacidade. En canto ao aspecto lingüístico, hai case un 17% dos webs que non están dispoñibles en galego. Nun comunicado, esta entidade destacou que o informe, dirixido polo consultor de internet Manuel Casal Lodeiro, pretende ser unha "chamada de atención" aos responsables municipais. "Salientamos no noso estudo todos aqueles aspectos nos que están a fallar as webs municipais, que son moitos, porque hai que rachar co atraso de Galicia na Rede, comezando polos webs públicos", indicou Casal Lo-

deiro, para quen ademais "ter unha axeitada presenza na rede é imprescindible para tender pontes coa emigración".

Precisamente é o uso de internet entre os emigrantes galegos o ámbito onde RedeGalega.org naceu como departamento da Asociación Cultural Fillos de Galicia dedicado a facilitar servizos de internet a todo tipo de entidades galegas sen ánimo de lucro. "Unha forma de financiarmos proxectos como Fillos.org, o principal portal da emigración galega". ● E.P.



Unha moza mira a páxina web do Concello de Rábade